

PROXECTO LECTOR

Os nenos de 6º estivemos lendo o libro: "Os piratas da illa da Esperanza".

O seu autor X.H. Ribadulla Corcón nado en A Coruña en 1962 é poeta, narrador, dramaturgo e guionista.

Na súa obra destaca: "Taberna á deriva" e "O adeus do vello mariñeiro" en poesía

"O elefante dunha soa orella", "A que veñen as gaivotas a Compostela?" e "A balada do Roi Nemiña, no ámbito infantil e xuvenil.

Publicou tamén a novela "Do mar e a noite" e a obra de teatro "Furga garabela!".

O ilustrador deste libro é Adrián Solleiro, nado en Tui en 1985.

Á maioría dos nenos que leron este libro

a parte que máis lles gustou foi a carta de despedida do vagabundo.

É un libro moi fermoso, recomendovos que o leades.

Laura Calvo. 6º EP

Río Xallas.

É un río da provincia da Coruña, Galicia, tributario do Océano Atlántico despois de 62 km. de recorrido. Nace no macizo de Castelo pasa cerca de Santa Comba, forma os embalses de Fervenza, Ponte Olveira e Castrelos, e desemboca na ría de Corcubión.



Iria Cazás
6º A
Curso 2011-2012

O Ézaro


O Ézaro é un pobo situado na provincia da Coruña e dentro do término municipal de Dumbría, sendo o único pobo con mar do municipio. Encóntrase a 105 km. da Coruña situada na zona denominada Costa da Morte, concretamente limitando esta polo sur. Posúe o único río de Europa que desemboca no mar en cascada, O Xallas.



Monte Pindo

O Monte Pindo é un macizo granítico de 627 m. de altura que se atopa no concello coruñés de Carnota.

O Monte Pindo forma un espazo natural xunto coa praia de Carnota: o espazo natural Carnota-Monte Pindo, catalogado coma Lugar de Importancia Comunitaria e que se atopa incluído na Rede Natura 2000. O espazo ten unha superficie de 4.629 ha. E abrangue aos concellos de Carnota, Mazaricos, Cee e Dumbría, entre as rías de Corcubión e a de Muros e Noia.



Iria Cazás

6º EP

Curso 2011-2012